



PLAN DIXITAL

[CEIP MANUEL MATO
VIZOSO]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

1.2. O CEIP MANUEL MATO VIZOSO (27013296), é un centro público situado na Rúa Cuart de Poblet, na localidade de Vilalba na provincia de Lugo, que conta con 317 alumnos/as nas etapas de educación infantil e de educación primaria, contando en primaria con liña dous e en infantil con liña 1. En total hai 27 mestres/as. En canto ás características do centro ten dous edificios independentes, un que alberga as aulas de infantil e 1º de primaria e outro no que están os servicios administrativos, comedor e as aulas de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º, así como a biblioteca, a aula de inglés e a aula de usos múltiples.

1.3. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O centro conta con alumnado de clase media, media-baixa na súa maioría e con alta porcentaxe de alumnado inmigrante, aproximadamente 44 alumnos/as do centro teñen unha incorporación ao sistema educativo español e proceden fundamentalmente de Marruecos, Rumanía, Colombia e Ucraína.
- Debido ás características concretas do noso centro pretendemos que o PD teña unha aplicación directa sobre o alumnado mellorando a súa competencia dixital, aspecto no que observamos grandes debilidades. É por iso, polo que, o proxecto educativo e a formación do profesorado durante estes dous cursos académicos están encamiñados á mellora destes aspectos. Durante o presente curso académico solicitamos o proxecto de POLOS CREATIVOS para continuar este traballo nos vindeiros anos.
- No vindeiro curso académico solicitamos tamén Edixgal para 5º de primaria e continuaremos con digicraft proxecto co que levamos xa dous cursos académicos e no que estamos moi condicionados no seu uso debido á mala conectividade coa que conta o centro.

1.4. Breve xustificación do mesmo

A elaboración do plan dixital é de obrigado cumprimento tendo en conta a lexislación vixente que se recolle a continuación e tamén as necesidades de formar ao alumnado para desenvolverse nun mundo dixital no que deberán desempeñar traballos e superar retos, para os que, será obrigado unha boa competencia dixital, polo que, a nosa obriga como mestres/as é formar ao alumnado para que sexan membros activos, competentes e responsables, sendo capaces de tomar responsabilidades no mundo no que lles vai tocar vivir.

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.5. Proceso de elaboración

Para a elaboración do plan dixital dende o equipo de TICS propúxose a posibilidade de participar nun proxecto de formación do profesorado, no que colaboraron 17 mestres/as dos 27 cos que conta o centro.

Malia todo isto, o resto do profesorado participou no SELFIE e no test CDD, excepto dúas persoas que se atopaban nese momento de baixa por enfermidade.

Creouse un curso dentro da aula virtual do centro, con acceso ao profesorado participante, no que se foron colgando todos os resultados do SELFIE, do CDD e establecéronse reunións presenciais para elaborar o DAFO e os obxectivos didácticos recollidos no plan de acción.

A coordinadora TIC foi a encargada de subir e enviar as tarefas pola aula virtual ao grupo ADIX correspondente.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *A rede wifi da que dispón o centro é ED_27013296 e unha conexión cableada por fibra óptica de 1 xiga de subida e 1 de baixada, aínda que en moitas ocasións as tarxetas de rede dos ordenadores limitan o aproveitamento total da citada conexión.*
- *O centro conta cun aula de informática moi antiga con catorce ordenadores dos cales oito foron cedidos polo centro limítrofe de formación profesional. Por outra parte, todas as aulas de 4º, 5º e 6º, aula de inglés, biblioteca e usos múltiples teñen canón, pantalla dixital e ordenador. A maiores o centro ten 12 ordenadores portátiles cos que o alumnado de 5º e 6º traballa no proxecto digicraft e 18 ordenadores de préstamo que chegaron ao centro despois da pandemia e que tamén poden empregar en casos puntuais, xa que, a conectividade non é moi boa. Hai ordenadores de mesa na biblioteca co que se xestiona todo o traballo da mesma e tamén nos servizos de secretaría, xefatura de estudos e dirección, así como dous máis na sala de mestres/as para uso do profesorado.*

O centro adquiriu 8 ordenadores portátiles que están nas aulas de 1º, 2º e 3º.

- *O centro conta con páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmatovizoso/>, espazoabalar e abalar móbil co que se realizan todas as comunicacións oficiais ás familias e á comunidade educativa.*
- *O mantemento do centro é realizado pola UAC .*
- *O protocolo COVID influiu moito na utilización dos equipamentos informáticos, xa que ao non contar con equipamentos individuais para o alumnado había que facer nun principio unha correcta desinfección dos mesmos para cumprir cos protocolos establecidos, así como manter as distancias de seguridade que viñan impostas polos protocolos en cada momento.*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.8				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	3.3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	4				

2.2.1. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>18</u>	<u>20</u>	<u>90%</u>
PROVISIONAL	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

2.2.2.. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,9	<u>Integrador (B1)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2.3. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	<u>61.8</u>	EXPLORADOR/A (A2)	68.2	INTEGRADOR/A (B2)
PRIMARIA	<u>69.9</u>	INTEGRADOR/A (B1)	77	INTEGRADOR/A (B1)

2.2.4 Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>3,6 %</u>
A2	<u>13</u>	<u>46,4 %</u>
B1	<u>10</u>	<u>35,7 %</u>
B2	<u>4</u>	<u>14,3 %</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>28</u>	<u>100 %</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		1. Non están actualizados os equipamentos e as redes. (C1)
	PERSOAL DOCENTE	<p>1.Si existe unha extratexia dixital. (A1)</p> <p>2.Si existe un desenvolvemento da estratexia co profesorado. (A2)</p> <p>3.Si existen novas modalidades de ensinanza. (A3)</p> <p>4.Si se coñecen normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso. (A5)</p> <p>5.Si existe un desenvolvemento profesional continuo, participación e intercambio de experiencias (D1,D2,D3).</p>	<p>1. Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. (A4).</p> <p>2. Non se empregan tecnoloxías dixitais para avaliar as tecnoloxías dixitais do alumnado. (G1).</p> <p>3.Non se empregan tecnoloxías dixitais de retroalimentación. (G3, G5)</p> <p>4. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado realice observacións constructivas. (G6,g 8)</p>

PERSOAL NON DOCENTE			
	ALUMNADO	<p>1. <i>Sí hai recursos educativos en liña. (E1).</i> 2. <i>Sí se crean recursos dixitais. (E2).</i> 3. <i>Utilízanse recursos educativos abertos. (E5).</i> 4. <i>Existe adaptación ás necesidades do alumnado, implicase a éste e foméntase a creatividade. (F1, F3, F4).</i></p>	<p>1. Insuficiente avaliación do progreso. (B1). 2. Non se usan contornos virtuais de aprendizaxe. (E3) 3. Insuficiente colaboración do alumnado. (F5). 4. Non se fomentan proxectos interdisciplinares. (F6)</p>
	FAMILIAS	<p>1. <i>Hai comunicación coa comunidade educativa. (E4).</i></p>	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. <i>Sí existe reflexión sobre TICS (B2)</i></p>	<p>1. Insuficientes dispositivos dixitais para a ensinanza. (C2). 2. Insuficiente acceso a internet e asistencia técnica (C3,C 5) 3. Insuficientes dispositivos dixitais para a aprendizaxe. (C8) 4. Insuficientes dispositivos para o alumnado. (C10) 5. Insuficientes repositorios en liña. (C16)</p>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1. <i>Existe colaboración con outras entidades. (B3).</i></p>	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas táboas establécense os obxectivos que se pretenden acadar coa finalidade de que o alumnado acadе unha mellora da competencia dixital, así como as accións precisas e os marcadores e indicadores a acadar.

Todos foron consensuados en equipo polos membros do claustro participantes do PFPP e deuse a coñecer ao resto do profesorado a través do taboleiro informativo na sala de mestres/as.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Precísase:

- Mellora na conectividade do centro, xa que, durante o presente curso académico tivemos problemas para poder realizar actividades do proxecto digicraft, porque non había conexión wifi para traballar cos doce ordenadores cos que contamos para este proxecto.*
- Máis equipamentos actualizados para poder facer un bo uso da aula de informática que conta con material obsoleto.*
- Equipamentos portátiles para o desenvolvemento de EDIXGAL, proxecto a realizar no centro para o vindeiro curso académico.*

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
OBXECTIVO 1: (1)	DOTAR AO CENTRO DE EQUIPAMENTOS DIXITAIS PARA MANEXAR O PROGRAMA EDIXGAL (C2)				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO E COORDINADOR TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	EXISTENCIA DE MATERIAL ACTUALIZADO PARA 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA					
Valor de partida: (3)	MATERIAL OBSOLETO E INEXISTENTE					
Valor previsto e data: (4)	MATERIAL ACTUALIZADO AO REMATE DO CURSO			2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:SOLICITUDE POR PARTE DO CENTRO DO PLAN EDIXGAL	CLAUSTRO CONSELLO ESCOLAR EQUIPO DIRECTIVO	PRAZO ASIGNADO NA CONVOCATORIA	RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:FORMACIÓN BÁSICA DO PROFESORADO	EQUIPO DIRECTIVO COORDINADOR TIC	1º TRIMESTRE 2022/2023	RECURSOS PERSOAIS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: IMPLEMENTACIÓN CO ALUMNADO NO USO DA PLATAFORMA	PROFESORADO IMPLICADO	1º TRIMESTRE 2022/2023	RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 2: (1)	MELLORAR HABILIDADES DIXITAIS EN DIFERENTES MATERIAS (H10)				Acadado	
Responsable:	PROFESORADO QUE IMPARTE MATERIAS NO 3º CICLO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE MIXTO.					
Valor de partida: (3)	ESCASO DOMINIO DA PLATAFORMA MOODLE					
Valor previsto e data: (4)	FAMILIARIZARSE CO DOMINIO DA PLATAFORMA MOODLE			2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:FORMACIÓN DO PROFESORADO	COORDINADOR TIC EQUIPO DIRECTIVO	1º TRIMESTRE 2022/2023	CFR CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO22:UTILIZACIÓN DE CONTIDOS DE REPOSITORIOS XA EXISTENTES	EQUIPO DIRECTIVO COORDINADOR TIC E PROFESORADO	2º 3ºTRIMESTRE 2022/2023	KAHOOT, GENIALLY, EDUCAPLAY...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: IMPLEMENTACIÓN CO ALUMNADO DAS DIFERENTES APPS	PROFESORADO IMPLICADO	2º, 3º TRIMESTRE 2022/2023	RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
OBXECTIVO 3: (1)	REESTRUTURAR OS ESPAZOS NO CENTRO (C14)				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO E COORDINADOR TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	REESTRUTURACIÓN DA AULA DE INFORMÁTICA, AULAS EDIXGAL E USOS MÚLTIPLES (DIGICRAFT) NUNHA PLANTA					
Valor de partida: (3)	EXISTE MOITA DISTANCIA ENTRE AS DIFERENTES ZONAS E NON É CÓMODO PARA ACUDIR CO ALUMNADO.					
Valor previsto e data: (4)	UNHA PLANTA CON BOA CONEXIÓN E ZONAS PRÓXIMAS			2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:UBICACIÓN NUNHA PLANTA DAS AULAS EDIXGAL	COORDINADOR TIC EQUIPO DIRECTIVO	1º TRIMESTRE 2022/2023	RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE AULAS DE USOS MÚLTIPLES E INFORMÁTICA PARA FACILITAR O TRABALLO CON DIGICRAFT...	EQUIPO DIRECTIVO COORDINADOR TIC	2º TRIMESTRE 2022/2023	RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A avaliación do plan realizarase tendo en conta unha avaliación procesual trimestralmente coa finalidade de coñecer si se van cumprindo os obxectivos programados para cada etapa e, de non ser o caso, buscar as solucións pertinentes para a consecución dos mesmos.

Tamén se terá en conta unha avaliación final anual, para ver os logros acadados e non acadados e propoñer as medidas oportunas necesarias.

5. Difusión do plan

Para a difusión do plan dixital teranse en conta os medios oficiais previstos. Información detallada que será oída polo claustro e será levado ao consello escolar para a súa posterior aprobación. A continuación realizarase comunicación a través da web do centro, medio, polo que, se dan a coñecer no mesmo as informacións oficiais.

Estará a disposición de quen o solicite nas oficinas administrativas do colexio.